

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO  
DE  
LINGUA CASTELÁ  
E  
LITERATURA

2º BACHARELATO

CURSO 2015-2016

<b>ÍNDICE</b>	<b>2</b>
<b>1. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA</b>	<b>4</b>
<b>2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS DA ASIGNATURA</b>	
<b>3. CONTIDOS</b>	<b>6</b>
<b>4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>9</b>
<b>5. TEMPORALIZACIÓN</b>	<b>10</b>
<b>6. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA</b>	<b>13</b>
<b>7. A AVALIACIÓN NO BACHARELATO</b>	<b>13</b>
O concepto de avaliación	
Instrumentos de avaliación	
Procedementos de avaliación	
Criterios de corrección	
Criterios de cualificación	
Especificación sobre 2º de Bach.	
<b>8. METODOLOXÍA</b>	<b>17</b>
Principios didácticos xerais	
Principios didácticos da asignatura	
Criterios de organización dos contidos	
Especificación sobre o Bacharelato	
Liñas metodolóxicas xerais no Bacharelato para impulsar a autonomía persoal e a elaboración de proxectos que sexan obxecto de exposición e debate.	
<b>9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>	<b>21</b>
<b>10. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	<b>23</b>
Impresos	
Auditivos e audiovisuais	
Informáticos	
Outros	
Libros de texto para o curso 2013-2014	
Lecturas propostas	

<b>11. TEMAS TRANSVERSAIS</b>	<b>25</b>
<b>12. AVALIACIÓN DE ALUMNOS E ALUMNAS COA MATERIA PENDENTE</b>	<b>27</b>
Contidos esixibles	
Programa de reforzo para a recuperación das materias pendentes de cursos anteriores.	
Actividades de avaliación. Procedementos e instrumentos.	
Criterios para a superación da materia pendente pola avaliación continua.	
Criterios de avaliación	
<b>13. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN ESTIVAL</b>	<b>30</b>
<b>14. ALUMNADO QUE PERDE O DEREITO Á ESCOLARIDADE</b>	<b>30</b>
<b>15. ACTIVIDADES DE CONTRIBUCIÓN</b>	<b>31</b>
Proxecto lingüístico	
Proxecto lector	
Actividades de fomento da lectura en ESO	
Proxecto das TIC	
Actividades de fomento das TIC en ESO	
Plan de convivencia	
<b>16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES</b>	<b>33</b>
<b>17. MEDIDAS PARA MELLORAR OS NOSOS RESULTADOS.</b>	<b>33</b>

## 1. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA

Seguindo o D. 126/2008 do 19 de xuño pasamos a expor a programación para o Bacharelato, etapa educativa na que se esperan desenvolver as capacidades que lles permitan aos alumnos acadar os obxectivos que aparecen a continuación.

1. Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
2. Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de maneira responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
3. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.
4. Reforzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para aproveitar eficazmente as aprendizaxes e mais como medio para o desenvolvemento persoal.
5. Dominar, tanto na expresión oral coma na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
6. Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
7. Utilizar eficazmente e con responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
8. Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu contorno social.
9. Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade de bacharelato elixida.

10. Comprender os elementos e procedementos fundamentais dos métodos científicos e da investigación. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto do medio natural e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
11. Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, autoconfianza e sentido crítico.
12. Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o sentido estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
13. Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social e impulsar condutas e hábitos saudables.
14. Reforzar actitudes de respecto e de prevención no ámbito da seguridade viaria.
15. Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## **2.OBXECTIVOS DIDÁCTICOS DA ASIGNATURA**

- Comprender discursos orais e escritos dos diferentes contextos da vida social e cultural e especialmente nos ámbitos académico e dos medios de comunicación.
- Expresarse oralmente e por escrito mediante discursos coherentes, correctos e adecuados ás diversas situacións de comunicación e ás diferentes finalidades comunicativas, especialmente no ámbito académico.
- Empregar e valorar a lingua oral e a lingua escrita como medios eficaces para a comunicación interpersoal, a adquisición de novos coñecementos, a comprensión e análise da realidade e a organización racional da acción.
- Obter, interpretar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes, empregando con autonomía e espírito crítico as tecnoloxías da información e comunicación.
- Adquirir coñecementos gramaticais, sociolingüísticos e discursivos para empregarlos na comprensión, a análise e o comentario de textos e na planificación, a composición e a corrección das propias producións.
- Coñecer a realidade plurilingüe e pluricultural de España, así como a orixe e desenvolvemento histórico das linguas peninsulares e das súas principais variedades, prestando unha especial atención ao español de América e favorecendo unha valoración positiva da diversidade lingüística e cultural.
- Analizar os diferentes usos sociais das linguas e os estereotipos lingüísticos que supoñen xuízos de valor e prexuízos, en especial os referidos ás mulleres, para

evitalos.

- Ler e valorar criticamente obras e fragmentos representativos da literatura en lingua castelá, como expresión de diferentes contextos históricos e sociais e como forma de enriquecemento persoal.
- Coñecer as características xerais dos períodos da literatura en lingua castelá, así como as obras relevantes de autoras e autores, empregando de forma crítica fontes bibliográficas adecuadas para o seu estudo.

### **3. CONTIDOS**

#### CONTIDOS COMÚNS

- Utilización dos procedementos e estratexias necesarias para a obtención, valoración e utilización da información en traballos de produción persoal, acudindo a fontes diversas.
- Interese pola boa presentación dos textos escritos, tanto en soporte papel como dixital, e aprecio pola necesidade social de se cinguir ás normas gramaticais, ortográficas e ás convencións tipográficas.
- Emprego de guías de lectura para a consolidación da autonomía lectora como fonte de pracer, de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como factor que contribúe á formación académica e á maduración persoal.
- Comprensión do discurso literario como fenómeno comunicativo e estético, viero de transmisión cultural e expresión da realidade histórica e social das distintas épocas.
- Lectura crítica e comentario de obras breves e de textos literarios significativos que potencien a competencia comunicativa do alumnado mediante a realización de tarefas nas cales se empreguen as catro destrezas básicas de expresión oral/escrita e comprensión oral/escrita.
- Valoración positiva da convivencia e aprendizaxe de distintas linguas en prol dunha maior diversidade cultural.

#### A VARIEDADE DOS DISCURSOS E O TRATAMENTO DA INFORMACIÓN

- Integración do texto ou discurso como unidade de carácter lingüístico emitida con propósito comunicativo nunha situación concreta ou contexto e afondamento no coñecemento da diversidade de situación nos actos de comunicación orais e escritos.

- Sistematización e análise das propiedades textuais (coherencia, marco de integración global, factores pragmáticos, cohesión, selección, xerarquía de ideas, ordenación e adecuación) a partir de modelos ou esquemas discursivos que favorezan a consolidación das actividades de lingua tanto orais coma escritas.
- Análise do tema, da estrutura organizativa e trazos lingüísticos de textos dialogados e argumentativos procedentes do ámbito académico e divulgativo, tanto humanísticos como científicos e técnicos.
- Composición e exposicións de textos dos distintos ámbitos, con especial atención ao académico, tanto humanísticos como científicos e técnicos, a partir de modelos e esquemas textuais dados e atendendo ás condicións da situación.
- Análise do tema, finalidade, estrutura organizativa e códigos expresivos (lingüísticos e iconográficos) dos textos dos medios de comunicación: xornalísticos.
- Desenvolvemento da capacidade crítica e reflexiva ante textos orais e escritos propios dos medios de comunicación, con especial atención aos de carácter informativo e interpretativo.

### DISCURSO LITERARIO

- O século XVIII: pensamento e cultura. A ilustración. A poesía: posbarroca e neoclásica; a prosa: o ensaio e desenvolvemento dos xornais, narrativa (Feijoo, Cadalso e Jovellanos); o teatro: comedia posbarroca e comedia de costumes (Leandro Fernández de Moratín).
- O século XIX: panorama social e ideolóxico. O Romanticismo: tradición e renovación, xéneros, temas, obras e escritoras e escritores significativos (Bécquer, Rosalía de Castro, Espronceda e Larra); o drama romántico (Duque de Rivas, Zorrilla); Realismo e Naturalismo: influencia europea, tendencias narrativas e teatrais, temas, obras de escritoras e escritores representativos (Galdós, Leopoldo Alas «Clarín», Emilia Pardo Bazán); escritoras liberais e progresistas da segunda metade do século. Modernismo: influencias europea e hispanoamericana, tendencias, o conto literario, renovación poética (Rubén Darío, Salvador Rueda, Francisco Villaespesa); obras de autoras e autores representativos.
- O século XX: transformacións sociais e ideolóxicas. Xéneros, escritoras e escritores e obras desde principios de século ata a Primeira Guerra Mundial: Juan Ramón Jiménez, Xeración do 98, Vanguardismo, Novecentismo. O período de entreguerras; da Primeira Guerra Mundial á Guerra Civil española: Grupo do 27, literatura comprometida. De 1940 ata os anos 70: literatura de posguerra (arraigada e desarraigada); realismo social (xéneros e obras representativas de escritoras e escritores da xeración dos 50 e 60); correntes de experimentación, nos distintos xéneros, década dos 70 e novo vanguardismo (Os Novísimos). Da década dos 80 ata a actualidade: autoras e autores e obras significativas, diversificación de tendencias, literatura xuvenil e narrativa de autora nos últimos vinte e cinco anos. A literatura hispanoamericana.

## COÑECEMENTO DA LINGUA

- Valoración e recoñecemento das distintas voces que compoñen o léxico da lingua castelá segundo a súa orixe, evolución e influencia doutras linguas: patrimoniais, cultismos, semicultismos, préstamos.
- Os elementos constitutivos das palabras e as súas variantes; as súas posibilidades como elementos de creación de palabras e enriquecemento do léxico a través da composición, derivación, parasíntese e acronimia.
- Coñecemento e análise dos compoñentes, relación e organización léxico-semántica das palabras (sema, sinonimia, antonimia, hiperonimia, campo léxico, etc.) valoración do seu emprego como mecanismos de cohesión e coherencia textual, e a súa adecuación en textos académicos, divulgativos e dos medios de comunicación.
- Afondamento no emprego de mecanismos de cohesión de carácter lingüístico desde a perspectiva supraoracional do texto, anáfora, catáfora, proformas, conxuncións distributivas, adverbios e locucións.
- Sistematización dos conceptos de oración ou cláusula (unidade gramatical) e enunciado (unidade comunicativa) e o seu contexto de análise: sintáctico e pragmático.
- Coñecemento e aplicación da relación entre a modalidade da oración e os actos de fala e interpretación do significado contextual das modalidades da oración.
- Identificación e análise das distintas relacións sintácticas de xustaposición, coordinación, subordinación e interordinación.
- Recoñecemento e clasificación dos nexos e elementos de enlace axeitados e necesarios para a análise e identificación das relacións existentes en estruturas sintácticas compostas ou complexas.
- Clasificación e sistematización das diferentes clases de oración ou cláusula composta ou complexa, atendendo á súa estrutura sintáctica e aos tipos de nexos ou enlaces empregados na súa configuración.
- Coñecemento da realidade lingüística de España, dos factores sociolingüísticos que interveñen entre linguas en contacto e o fenómeno que as derivan, linguas francas, bilingüismo, diglosia, xunto ao desenvolvemento dunha actitude positiva ante a diversidade e convivencia de linguas e culturas.
- Recoñecemento das características básicas das distintas variedades xeográficas da lingua castelá no estado español e da norma estándar. A situación do español no mundo.
- Identificación dos trazos máis característicos do español de América e da súa diversidade e valoración positiva desa variedade e da necesidade dunha norma panhispánica. Labor integrador das Academias da Lingua Española.

- Análise e identificación do uso de vulgarismos morfosintácticos, anacolutos e incoherencias sintácticas.

## **4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Consolidar a interpretación do texto ou discurso como unidade comunicativa e de intercambio de información, en distintos contextos ou situación comunicativas, e afondar no coñecemento da variedade de situacións nos actos de comunicación orais e escritos.
2. Producir textos orais e escritos de certa extensión e complexidade, relativos ou pertencentes aos ámbitos académico e dos medios de comunicación, e identificar nelles as propiedades textuais e os procedementos discursivos de adecuación, coherencia e cohesión que perfeccionen o dominio das actividades da lingua.
3. Clasificar e caracterizar diferentes clases de textos dialogados, argumentativos e dos medios de comunicación, xornalísticos e publicitarios poñendo de relevo os trazos máis significativos do xénero ou subxénero ao que pertencen, os códigos expresivos empregados e analizando os seus trazos lingüísticos e a súa adecuación ao contexto.
4. Identificar o tema, a estrutura e características lingüísticas de textos dialogados, argumentativos e dos ámbitos académico e dos medios de comunicación, xornalísticos e publicitarios; analízalos de maneira que se recollan as súas propiedades discursivas e os elementos que os articulan e empregar para iso as distintas actividades da lingua (comprensión, expresión, interacción e mediación) orais e escritas tendo en conta modelos ou esquemas textuais e atendendo ás condicións da situación comunicativa.
5. Realización de exposicións orais (debates, declaracións públicas) e escritas (redaccións, informes, monografías) relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade, seguindo un esquema preparado previamente, aplicando procedementos para a obtención e tratamento da información, empregando recursos audiovisuais e das tecnoloxías da información e a comunicación e expoñendo de forma construtiva as diversas opinións propias e alleas que se sosteñen, xustificándoas cos diferentes argumentos que se aducen.
6. Comprender e analizar o texto literario como expresión comunicativa e estética de distintas épocas, de transmisión cultural, reflexo dunha realidade histórica e social e como uso da lingua que comprende as competencias xerais.
7. Interpretar e comentar de forma construtiva e crítica o contido de obras literarias breves e fragmentos significativos de distintas épocas literarias utilizando os coñecementos sobre as formas literarias (xéneros, figuras e tropos máis usuais, versificación) e os distintos períodos, movementos, escritoras e escritores pondo en práctica as competencias comunicativas.
8. Realizar traballos críticos sobre a lectura de obras significativas de distintas épocas

ou movementos, interpretándoas en relación co seu contexto histórico e literario, obtendo a información bibliográfica necesaria e efectuando unha valoración persoal. Compoñer textos literarios ou de intención literaria.

9. Coñecer a realidade lingüística de España e dos fenómenos derivados do contacto entre linguas como linguas francas, bilingüismo e diglosia e desenvolver unha actitude positiva. Identificar as características xerais das variedades xeográficas da lingua no Estado español e a súa proxección a nivel internacional.
10. Coñecer as características xerais do español de América e algunhas das súas variedades, así como as coincidencias e diferenza da norma en distintas manifestacións orais e escritas, literarias e dos medios de comunicación.
11. Identificar e analizar os desvíos da norma máis frecuentes e consolidar, con rigor e autonomía, o bo uso das normas gramaticais, ortográficas e convencións tipográficas.

## **5. TEMPORALIZACIÓN**

### PRIMEIRO TRIMESTRE

- A realidade lingüística de España
- Orixen e desenvolvemento das linguas de España
- As linguas de España na actualidade
- O español no mundo
- Estudo da lingua
- Nivel fónico
- Nivel léxico-semántico
- O texto.
- Nivel morfolóxico: o morfema. A formación de palabras. Clases de palabras.
- Literatura
- Os textos literarios. Uso literario da lingua.
- A literatura no século XVIII
- Marco histórico-cultural

- A poesía: características, autores e obras representativas.
- A prosa: características, autores e obras representativas.
- O teatro: características, autores e obras representativas.
- A literatura no século XIX
- España e Europa durante o s. XIX
- O Romanticismo: características, autores e obras representativas.
- O Realismo e o Naturalismo: características, autores e obras representativas.
- A literatura de principios do s. XX
- Marco histórico-cultural. O s. XX ata a Segunda Guerra Mundial
- Modernismo e Xeración do 98

## SEGUNDO TRIMESTRE

- Sintaxe
- As unidades sintácticas: frase, cláusula e oración.
- A cláusula.
- A oración.
- Literatura
- Europa España no período de entreguerras
- Novecentismo ou Xeración do 14: características, autores e obras representativas.
- As vangardas: características, autores e obras representativas.
- A xeración do 27.
- Contexto.
- Características.
- A poesía: características, autores e obras representativas.
- A prosa: características, autores e obras representativas.

- O teatro: características, autores e obras representativas.
- A literatura dos anos 40 e 50.
- Marco histórico-cultural
- A poesía: características, autores e obras representativas.
- A novela: características, autores e obras representativas.
- O teatro: características, autores e obras representativas.

### TERCEIRO TRIMESTRE

- Variedade do discurso
- Os textos técnicos e especializados
- A linguaxe técnica e científica
- A linguaxe xurídica e administrativa
- Os textos de opinión e información
- A linguaxe dos textos humanísticos
- A linguaxe periodística
- A linguaxe da publicidade
- Literatura
- A literatura española desde 1960
- Marco histórico-cultural
- A poesía: características, autores e obras representativas.
- A novela: características, autores e obras representativas.
- O teatro: características, autores e obras representativas.
- A literatura hispanoamericana no s. XX
- Marco histórico-cultural
- A narrativa: características, autores e obras representativas.
- A poesía: características, autores e obras representativas.

## **6. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA**

- A realidade lingüística de España.
  - español no mundo.
  - A lingua como sistema:
    - Nivel fónico
    - Nivel léxico-semántico
    - Nivel morfolóxico. A formación de palabras en español.
      - texto
    - Nivel sintáctico. As unidades sintácticas. A análise sintáctica.
  - Estudo da literatura dende unha perspectiva histórica e tendo sempre en conta o contexto histórico - cultural.
    - A literatura no s. XVIII:
    - A literatura no s. XIX. Romanticismo, Realismo e Naturalismo.
    - A literatura a principios do S. XX. Modernismo e Xeración do 98.
    - A literatura de entreguerras. O Novecentismo e as Vangardas.
    - A Xeración do 27.
    - A literatura dos anos 40 e 50.
    - A literatura desde 1960
    - A literatura hispanoamericana do s. XX. Narrativa e poesía.
      - Lectura das obras marcadas como obrigatorias

## **7. A AVALIACIÓN NO BACHARELATO**

En función dos criterios de avaliación determinados polo Decretos e que quedan citados para cada curso, establecemos os aspectos que debemos ter en conta para chegar a unha cualificación axeitada do alumnado. Instrumentos, procedementos e criterios de calificación e corrección serán similares en toda esta etapa educativa,

quedando as diferencia marcadas polos obxectivos e contidos que rexen cada nivel.

## O CONCEPTO DE AVALIACIÓN

A nosa función docente implica a necesidade de outorgar unha cualificación que amose dun xeito gráfico (numérico) o grao de consecución de cada alumno respecto dos obxectivos marcados. A avaliación determínase sobre tres aspectos:

Avaliación inicial: na primeira quincena do curso, cada profesor fará nos seus grupos unha proba inicial para recoller información sobre o nivel de coñecementos que teñen acadado os alumnos, principalmente no curso anterior. Así, esta proba ten como obxectivos:

- Apreciar a capacidade de comprensión dun texto escrito (literario ou non literario)
- Valorar a capacidade na produción de textos a partir dunhas pautas dadas.
- Detectar o nivel de coñecementos morfosintácticos adquiridos en curso/s anterior/es.
- Detectar o nivel de coñecementos léxico-semánticos adquiridos en curso/s anterior/es.
- Coñecer a actitude do alumnado ante a materia.

Esta proba servirá para marcar un punto de partida e plantexar posibles modificacións na programación de aula, tendo en conta as posibles necesidades de repasar aspectos poucos asimilados.

Ao longo do curso, as distintas probas, a observación da evolución individual na consecución de obxectivos, e a asimilación de contidos de cada alumno, serán os mecanismos que permitan ao profesor realizar a avaliación do proceso formativo do alumnado que se verá reflectida na avaliación sumativa onde mediante un factor numérico se indicará o xuízo valorativo. Cada tres meses farase chegar ás familias tal valoración para informarlles do nivel de logro de obxectivos acadado polo alumno. En xuño dictarase unha cualificación final tras as pertinentes probas de recuperación que o profesor considere. A calificación de 5 marcará a liña entre APROBADO e SUSPENSO. No caso de non acadar 5, o alumno terá que presentarse á convocatoria extraordinaria de

setembro.

## INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

No Bacharelato marcamos tres bloques de instrumentos de avaliación:

### Probas obxectivas

- Exames sobre os contidos explicados en cada trimestre
- Exames ou traballos sobre as lecturas obrigatorias para cada trimestre.

### Traballo

- Ficha de rexistro individual que recolla a observación do traballo diario na aula.
- Exercicios encomendados para facer na casa
- Exercicios ou traballos que o alumno debe presentar por escrito, tanto obrigatorios como voluntarios.
- Comentarios críticos como práctica de cara ao exame das PAAU.
- Traballos en grupo
- Exposicións relacionadas coas obras de lectura ou comentarios críticos

### Actitude

Consideramos que os alumnos que cursan Bacharelato fano por interese en continuar estudando, dado que xa non é etapa obrigatoria. En tal sentido, as actitudes inadecuadas deberán ser penalizadas quizais con máis dureza que na ESO. Neste sentido valoraremos os seguintes aspectos:

- Asistencia a clase
- Interese pola materia
- Correcto comportamento
- Afán de superación
- Material escolar preciso
- Respecto polo profesor e compañeiros

## PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

### 1. Probas obxectivas

- En cada trimestre realizarase dous exames sobre a materia explicada no mesmo. De tales probas o profesor extraerá unha nota media numérica. O alumnado terá que ter una nota mínima dun 3´5 para poder ter acceso á realización do cálculo que lle conduza ao aprobado.
- Probas de recuperación: non se realizarán probas de recuperación por trimestre, pois consideramos que a materia é continua. Sen embargo, se o profesor o considera oportuno, poderá facer recuperacións de determinados exames. Ao final de curso farase un exame final onde os alumnos e alumnas poderán recuperar aquelas avaliacións que teñan pendentes.
- As lecturas obrigatorias serán controladas mediante proba, traballo escrito ou exposición. É de cumprimento inescusable, para superar esta materia, ter aprobadas no mes de xuño as probas referentes a tales obras.

### 2. Traballos

- En cada trimestre proporanse varias probas para entregar por escrito (exercicios, traballos, comentarios, etc.) que calificaremos con nota numérica.
- O traballo diario tamén será valorado mediante o caderno de rexistro do profesor (saídas voluntarias para corrixir, ler; tarefas realizadas axeitadamente, etc.)

### 3. Actitude

- Na libreta do profesor recolleranse todas as incidencias negativas relacionadas con este apartado, que definirán un aspecto da cualificación final de cada trimestre.

## CRITERIOS DE CORRECCIÓN

- En cada proba obxectiva aparecerá detallada a cualificación de cada exercicio.
  - No que ao uso da lingua se refire, á hora de correxir as probas escritas respectaranse os criterios de corrección establecidos para as PAAU. Quere isto dicir que se terán en conta erros de adecuación, coherencia, cohesión e erros ortográficos; podendo ter ata unha penalización de - 0.5 en cada un dos apartados.
  - Os traballos presentados levarán unha puntuación que irá en función da profundización no contido e dos criterios citados anteriormente.
- Non se recollerán traballos fóra do prazo marcado polo profesor, e a nota correspondente ao mesmo será de 0 puntos.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Na seguinte táboa aparecen reflectidas as distintas porcentaxes coas que se avaliarán os instrumentos e os procedementos de avaliación; como resultado da súa aplicación aparecerá unha nota no boletín do alumno con carácter trimestral.

	Probas obxectivas	Traballos	Actitude
2º BACH.	80,00%	15,00%	5,00%

As probas obxectivas que

se realicen terán o mesmo formato e puntuación que os exames de selectivo. Asimesmo, o tempo empregado na realización destas probas será de 90 minutos, igual que nas PAAU.

## **8. METODOLOXÍA**

### PRINCIPIOS DIDÁCTICOS XERAIS

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumno, tendo en conta os aspectos básicos da evolución psicolóxica dos distintos grupos de idade aos que pertence o noso alumnado, pero tamén os coñecementos previos cos que xa conta o alumno / a, proxectados nas actividades de avaliación inicial, levadas a cabo ao principio de curso en xeral e en cada unidade didáctica en particular.
- Fomentar la construción de aprendizaxes significativas, establecendo vínculos entre os coñecementos novos e os que xa se dominan para modificar os propios esquemas de coñecemento.
- Promover a capacidade de “aprender a aprender” a través do manexo de determinados procedementos que constituirán auténticas ferramentas de traballo (análise, síntese, busca e selección de información).
- Estimular a transferencia e as conexións entre contidos mediante a construción de conceptos clave que poidan ser comúns a diferentes asignaturas (en especial *Lingua Galega e Literatura* e as *linguas estranxeiras*) e a selección e posta en práctica de contidos procedimentais e actitudinais comúns.

A colaboración “intra” e “interdepartamental” realizarase durante todo o curso mediante a participación en actividades concretas organizadas no centro (elaboración de concursos literarios, por exemplo).

## PRINCIPIOS DIDÁCTICOS DA ASIGNATURA

- A lingua considerada como instrumento e vehículo de novas aprendizaxes.
- A lingua como medio de comunicación.
- A lingua como soporte da literatura.
- A lingua como soporte do pensamento e como vehículo de valores.

Con eles preténdese conseguir:

- O contacto do alumno cos fenómenos comunicativos por medio da análise de discursos literarios e non literarios.
- O desenvolvemento das habilidades de comprensión e expresión.

- O coñecemento dos procesos morfosintácticos do sistema e o seu emprego como recursos expresivos.
- A aproximación ao feito literario como fenómeno creativo.
- A formación da conciencia da linguaxe como instrumento de coñecemento, aprendizaxe e pracer.
- A mellora no acceso e no manexo das fontes de información.

### CRITERIOS DE ORGANIZACIÓN DOS CONTIDOS

A súa estruturación obedece ao desexo de lograr unha progresiva aprendizaxe socializadora e afectiva (promovendo nas primeiras unidades a reflexión común e introducindo de forma paulatina o traballo en parellas ou en grupos) ao tempo que planificado e autónomo (desde unha ensinanza guiada a una ensinanza na que o alumno / a debe desenvolver estratexias de aprendizaxe autónoma e de autocorrección)

En cada unidade didáctica teranse en conta na medida do posible todos os bloques de contido e procurárase, ademais, a súa conexión continua.

Na transmisión dos contidos a exposición do docente ordenárase de forma interactiva e alternante mediante diálogos, actividades e a resolución das dúbidas plantexadas polo alumnado.

### ESPECIFICACIÓN SOBRE O BACHARELATO

Segundo as indicacións do D. 126/2008 do 19 de xuño pasamos a reproducir as orientacións de carácter metodolóxico que nel se indican:

- Considérase recomendable, cunha periodicidade segundo proceda en cada caso, a realización por parte das alumnas e dos alumnos, en especial no primeiro curso, dunha monografía ou traballo sobre calquera tema vinculado cos contidos que compoñen o currículo ou tema de actualidade. Este traballo deberá permitirles exercitarse, de forma coherente e rigorosa, na expresión, tanto oral como escrita.
- Fomentar a capacidade creativa do alumnado.
- Fomentar o seu sentido crítico e a súa iniciativa persoal.

- Adquirir as estratexias e competencias fundamentais para a confección de traballos académicos.
- Consolidar a súa capacidade comunicativa na vertente escrita.
- Favorecer un coñecemento global que potencie a súa capacidade de establecer relacións e asociación entre contidos diversos.
- Consolidar a súa capacidade para recompilar información procedente de diversas fontes: impresas e dixitais.

LIÑAS METODOLÓXICAS XERAIS NO BACHARELATO QUE PERMITAN A CONSECUCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E A ELABORACIÓN DE PROXECTOS QUE SEXAN OBXECTO DE EXPOSICIÓN E DEBATE.

Resulta imprescindible en calquera etapa educativa, e máis no Bacharelato, que o alumnado sexa cada vez máis autónomo e se esforce por acadar sempre un traballo ben feito. Con tal motivo, iránselle propondo ao longo do curso distintos traballos de investigación e de creación, de dificultade gradual por suposto, a través dos cales se poida demostrar o manexo dos procedementos imprescindibles para a súa realización, pero tamén o feito de ter acadado a madurez necesaria nesta etapa educativa. Os traballos terán como finalidade non só a aprendizaxe dun determinado contido ou a elaboración dun texto expositivo sobre un tema dado, senón tamén fomentar o valor do esforzo, tan importante na nosa sociedade. Como debe ser, tal esforzo será recompensado na nota final.

En relación coa elaboración de proxectos que sexan obxecto de exposición e debate entre o alumnado, proporánselle de forma especial ao alumnado de primeiro curso e irán relacionados cun obxectivo básico na nosa materia, isto é, o perfeccionamento da comunicación oral, así como co dominio da técnica do debate e do texto expositivo de transmisión oral. Serán os alumnos os que propoñan os temas a tratar, e as exposicións e debates serán entendidas coma unha actividade máis a levar a cabo dentro da aula, sen que contén especificamente cunha porcentaxe na nota.

## 9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O obxectivo fundamental da ESO é atender ás necesidades educativas de tódolos alumnos e alumnas; e tamén no ensino postobrigatorio acadan estas medidas un papel relevante. Os alumnos contan con distinta formación, distintos intereses, distintas necesidades... apreciáveis sobre todo na etapa de ESO. Desde esta programación contéplanse distintas medidas de atención á diversidade, tanto xerais coma específicas.

### MEDIDAS XERAIS

Destinadas a todos os alumnos e alumnas; formalizaranse en tres niveis: na programación, na metodoloxía e nos materiais empregados.

- Atención á diversidade na programación: teranse en conta todos aqueles contidos nos que os alumnos amosan un nivel menos homoxéneo reforzando os contidos necesarios para alcanzar a uniformidade

Dado que non todos os alumnos adquiren ao mesmo tempo e coa mesma intensidade os contidos tratados, o deseño da programación asegura un nivel mínimo para todos os alumnos ao final do curso, prestando oportunidades para recuperar o non adquirido no seu momento.

A través da avaliación inicial observarase a presenza de necesidades educativas e de ritmos de aprendizaxe diferentes, polo que se contemplarán actividades de dificultade gradual que permitirán ao alumnado desenvolver unha aprendizaxe autónoma e adaptada ao seu ritmo e forma de traballo.

- Atención á diversidade na metodoloxía: prestarase especial atención á ensinanza do léxico (realizada a partir dos usos reais dos alumnos respectando as diferencias individuais) e á ensinanza da expresión oral e escrita (atendendo ao punto de partida de cada alumno, ás súas dificultades específicas e á súa

zona de desenvolvemento próximo). Terase en conta de forma especial a relación entre as dúas linguas da Comunidade.

- Atención á diversidade nos materiais utilizados: en función das necesidades dos alumnos /as recurrirase a distintos materiais, concretados en actividades específicas en cada unidade didáctica:

- Actividades de reforzo para aquela parte do alumnado que necesite axuda porque non acadou os obxectivos propostos como básicos.

#### Especificación sobre a organización das actividades de reforzo no Bacharelato:

Con cada unidade didáctica traballada entregaráselle aos alumnos e alumnas unha actividade de reforzo individualizada, se fora preciso, que entregarán de forma voluntaria e será tida en conta a efectos da nota final no apartado destinado a *Traballos*.

- Actividades de ampliación para aqueles que dominan os obxectivos mínimos e teñen un ritmo de aprendizaxe máis rápido.

### MEDIDAS ESPECÍFICAS

Realizadas unha vez detectadas as posibles necesidades educativas específicas; adoptaranse as actuacións necesarias tanto de carácter pedagógico, curricular e organizativo como as relativas á utilización de recursos específicos que difiren dos habituais.

- Medidas reforzo educativo realizadas polo docente tendo en conta aspectos non prescriptivos do currículo ( secuenciación dos contidos, formas e instrumentos de avaliación, agrupamentos específicos...)

- Adaptacións curriculares individualizadas elaboradas en colaboración co

Departamento de orientación tomando en consideración as características concretas do alumno afectado: déficit físico, psíquico o sensorial; trastornos graves do desenvolvemento; trastornos da conducta; déficit de atención con hiperactividade, trastornos psicolóxicos relacionados coa conducta alimentaria...

Intentarase dar resposta individualizada aos posibles alumnos que presenten sobredotación intelectual, así como a aqueles que procedan de minorías étnicas e/ou culturais.

Con respecto á adaptación individualizada de recursos prestarase especial atención aos *recursos humanos*: membros do Departamento de Orientación, o profesor de Pedagogía Terapéutica e o especialista en Audición e Linguaxe se fose necesario.

## **10. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

O obxectivo esencial da materia de Lingua Castelá, é desenvolver no alumnado as capacidades comunicativas, na súa vertente activa (produción de textos correctos desde o punto de vista comunicativo, tanto escritos como orais) como no seu aspecto pasivo (comprensión de textos orais e escritos de diferentes intencións e formas). É evidente entón, que os materiais máis habituais de uso na aula serán aqueles nos que se traballe con textos, independentemente do formato no que aparezan.

### **MATERIAIS IMPRESOS**

- Material da biblioteca: tanto lecturas literarias como libros de consulta (dicionarios, enciclopedias, gramáticas...)
- Textos concretos para traballar os contidos das unidades didácticas.
- Material confeccionado polo docente
- Material complementario de reforzo e ampliación.

### **MATERIAIS AUDITIVOS E AUDIOVISUAIS**

- Grabacións de programas televisivos e radiofónicos
- Cancións
- Películas e adaptacións cinematográficas de obras teatrais.

## MATERIAIS INFORMÁTICOS

- Procesador de textos
- Webquest
- Páxinas web especializadas en educación que ofrecen múltiples recursos, percorridos varios pola historia de la literatura ou visitas virtuais a diferentes museos.

## OUTROS MATERIAIS

- Textos reais ou “realias” (textos presentados na mesma forma na que son usados): prensa e publicidade.
- Libreta do alumno.
- Obras de lectura obrigatoria, ambos especificados a continuación

De acordo coa avaliación e o ritmo de aprendizaxe poderanse efectuar cambios nos materiais, así como incluír outros que se crean necesarios para a consecución dos obxectivos.

### **LIBROS DE TEXTO CURSO 2015/ 2016**

*Sen libro de texto.*

### **LECTURAS PROPOSTAS PARA O CURSO 2015/2016<sup>1</sup>**

#### PRIMEIRO TRIMESTRE

**MACHADO, ANTONIO.**, *Campos de Castilla*  
**MUÑOZ MOLINA, A.**, *Plenilunio*

---

<sup>1</sup> O Departamento resérvase o dereito a facer os cambios que sexan pertinentes con respecto a esta proposta. A indicación da editorial é meramente orientativa, podería empregarse calquera outra.

SEGUNDO TRIMESTRE

**BUERO VALLEJO, A., La fundación.** Grupo Planeta. Colección Austral.

TERCEIRO TRIMESTRE

**GARCÍA MÁRQUEZ, GABRIEL., Crónica de una muerte anunciada**

O alumnado poderá ler voluntariamente as obras que en cada tema a profesora aconselle en cada avaliación. Valorarase con 0´5 cada obra que o alumnado amose ler. Deberá avisar con antelación que obra vai ler. 15 días antes da avaliación non se permitirá facer esta actividade.

## **11. TEMAS TRANSVERSAIS**

A formación do alumno transcende a meramente disciplinar, polo que ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe estarán presentes os contidos transversais. A asignatura de Lingua Castelá e Literatura presenta unha importante conexión con todas as ensinanzas deste tipo; non obstante, no desenvolvemento das unidades didácticas prestarase especial atención ás que aparecen relacionadas a continuación (realizouse unha conexión cos obxectivos que perseguen):

*Educación para a convivencia:*

- Respetar a autonomía dos demais.
- Dialogar como forma de solucionar as diferenzas.

*Educación para a paz:*

- Educar para a acción: evocación de figuras e coñecemento de organismos comprometidos coa paz para xenerar estados de conciencia.
- Entrenarse para a solución dialogada de conflitos no ámbito escolar.

*Educación para o consumidor:*

- Crear unha conciencia de consumidor responsable que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade.

#### *Educación non sexista:*

- Analizar criticamente a realidade e corrixir prexuizos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, a publicidade, os xogos, as profesións, etc.
- Consolidar hábitos non discriminatorios.

#### *Educación ambiental:*

- Desenvolver conciencia de responsabilidade respecto ao medio ambiente global

#### *Educación vial:*

- Adquirir condutas e hábitos de seguridade vial como peóns.

#### *Educación multicultural:*

- Despertar o interese por coñecer culturas diferentes coas súas crenzas, institucións e técnicas
- Desenvolver actitudes de respecto e colaboración con grupos culturalmente minoritarios.

Os temas transversais traballaranse a partir dunha triple vía:

- a) En textos seleccionados directamente, literarios e non literarios, ou en textos de cuxa análise se desprendan.
- b) Nas actividades, en donde estes temas serán xeradores das actividades de expresión oral.
- c) No estudio directo, por exemplo no caso da situación lingüística de España, do achegamento aos medios de comunicación de masas ou da publicidade.

## **12. AVALIACIÓN DE ALUMNOS E ALUMNAS COA MATERIA PENDENTE DE SUPERACIÓN**

### **CONTIDOS ESIXIBLES**

O Departamento informará oportunamente dos contidos esixibles para a

superación da materia pendente. Cando non se especifique o contrario, estes coincidirán cos explicitados no apartado destinado a *Temporalización* presente nesta programación para cada un dos cursos.

No caso do alumnado repetidor de 2º de Bacharelato coa materia pendente de 1º, os contidos esixibles agrúpanse en dous bloques, coincidentes coas dúas probas escritas ás que nos referimos no seguinte apartado. Os contidos son os que seguen:

### BLOQUE DE LITERATURA

- Características da lingua literaria. Os xéneros literarios
- Evolución histórica das formas literarias:
  - Idade Media: marco histórico e cultural
  - Poesía épica. *El poema del Mío Cid*.
  - Mester de clerecía. Gonzalo de Berceo, Arcipreste de Hita.
  - Lírica tradicional e lírica culta na Idade Media. Jorge Manrique.
  - O Romanceiro.
  - As orixes da prosa romance: Afonso X o Sabio e Don Juan Manuel.
  - *La Celestina*.
  - S. XVI e XVII. Renacemento e Barroco: marco histórico-cultural.
  - Lírica: temas, tópicos, métrica, estilo... Garcilaso, Fray Luis de León, S. Juan de la Cruz, S. Teresa de Jesús, Lope de Vega, Quevedo e Góngora.
  - A novela nos Séculos de Ouro. A novela picaresca. Cervantes e *Don Quijote de la Mancha*
  - A comedia nacional. Lope de Vega e Calderón de la Barca.

### BLOQUE DE LINGUA E COMUNICACIÓN

#### Comunicación

- A comunicación verbal e non verbal.
- O proceso comunicativo. Elementos da comunicación
- Funcións da linguaxe
- O signo lingüístico
- O texto como unidade de sentido: adecuación, coherencia e cohesión.
- O comentario crítico.

#### Estudo da lingua

- A lingua como estrutura.
- Estudio do significante: Fonética e fonoloxía.
- Estudio do significado: as relacións semánticas.
- Sintaxe da cláusula simple. A estrutura coordinada.

Así mesmo prestarase toda a axuda necesaria para recuperar a materia pendente, tanto por parte da docente como da xefa de departamento, que estará á disposición do alumnado, tanto da ESO como de Bacharelato para resolver cantas dúbidas puideran xurdir.

### **ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS.<sup>2</sup>**

O procedemento a seguir será o seguinte:

- En Bacharelato o alumnado realizará dous exames parciais e deberá acadar unha nota non inferior a 3 para poder facer media entre ámbalas dúas probas, estando aprobada a asignatura acadando un 5 como nota media. De non superar estas probas ou de non presentarse ás mesmas, o alumnado terá dereito á realización dunha proba final durante o mes de abril do 2014 e, como último recurso, a unha proba escrita na convocatoria extraordinaria de setembro. Entenderase que superou a materia de acadar un 5 na proba escrita.

---

<sup>2</sup> Tanto o alumnado como as familias serán informados por escrito deste procedemento.

Todos os membros do Departamento estarán a disposición do alumnado para resolver todas aquelas dúbidas que se lle poidan plantexar na preparación das tarefas. Con respecto ao alumnado de Bacharelato, será a xefa do departamento a encargada de efectuar o seguimento dos alumnos pendentes, resolvendo dúbidas e mantendo co alumnado todas as reunións que sexan precisas para axudarlles a preparar a materia.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Os criterios de avaliación empregados para discernir se unha materia pendente está ou non superada serán os mesmos que aparecen reflexados nesta programación para cada un dos cursos. Relaciónanse a continuación unicamente os que se terán en conta para o alumnado repetidor de 2º de Bacharelato coa materia pendente de 1º curso en virtude do Decreto 231/2002 do 6 de xuño.

1. Sintetizar oralmente e por escrito textos orais e escritos, sinalando as ideas principais e as secundarias e a intención comunicativa, recoñecendo posibles incoherencias ou ambigüidades e dando unha opinión persoal.
2. Consultar fontes de diverso tipo e integra-la súa información en textos de síntese que presenten os datos principais e os distintos puntos de vista, as súas relacións e a perspectiva propia.
3. Crear textos escritos de diferente tipo (narrativos, descritivos, expositivos e argumentativos) axeitados á situación de comunicación, utilizando mecanismos que lles dean coherencia e cohesión e atendendo ás súas diferentes estruturas formais.
4. Recoñece-las diferentes unidades da lingua, as súas combinacións e a relación entre elas e os seus significados.
5. Discerni-los compoñentes básicos e a estrutura do léxico español.
6. Distingui-las variedades da lingua, así como as diferentes linguas constitucionais de España e as súas variedades, coñecendo a súa orixe e evolución.
7. Coñecer e identifica-las diferentes variedades do español (históricas, espaciais, sociais e de estilo) mediante a observación directa, prestando especial atención ó

español de Galicia.

8. Identifica-lo xénero ó que pertence un texto literario e recoñece-los seus elementos estruturais básicos e os seus recursos lingüísticos.
9. Valorar e coñece-la evolución histórica das formas literarias da Idade Media e os séculos XVI e XVII, atendendo ó marco histórico e cultural e a súa relación cos autores e obras máis destacadas.
10. Analizar e comentar obras completas das diferentes épocas e dos autores máis destacados de cada unha de elas.
11. Coñecer e valorar as obras e os autores máis representativos da literatura da Idade Media e dos séculos XVI e XVII. Coñecer as relacións entre a literatura española e as literaturas das diversas linguas constitucionais e coas grandes liñas da literatura universal.
12. Manexar os recursos informáticos básicos (procesadores de textos, correctores ortográficos, Internet, multimedia...) e aplicarlos á busca e elaboración da información.

### **13. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN ESTIVAL**

Os alumnos e alumnas que non superen a materia en xuño, levarán para o verán unhas *fichas* con instrucións para preparar a materia de forma eficaz, coa intención de que superen os obxectivos mínimos na proba de setembro.. Farase unha proba obxectiva no mes de setembro para avaliar a evolución do alumnado. Dita proba respectará as características da proba de selectividade.

### **14. ALUMNADO QUE PERDE O DEREITO Á ESCOLARIDADE**

No caso de que algún alumno /-a perda a escolaridade, perderá a oportunidade de ser avaliado de forma continua. Para estes casos, crearase unha proba obxectiva que responda ao desenvolvemento da programación de aula ao longo do curso. Nesta proba o alumno debe demostrar que ten as capacidades esixidas para superar o curso.

# 15. ACTIVIDADES DE CONTRIBUCIÓN

## PROXECTO LINGÜÍSTICO

Dada a natureza da nosa materia, a contribución á consecución do Proxecto lingüístico do centro é moi importante (de feito, dous membros do Departamento participaron activamente na súa elaboración). Tendo en conta ademais, a relativa frecuencia coa que chegan ao centro alumnos e alumnas procedentes doutros países, faise imprescindible a promoción de accións encamiñadas ao coñecemento e uso das dúas linguas da nosa Comunidade.

Tendo en conta o nivel de coñecemento do que parta cada alumno, levarase a cabo unha ensinanza lingüística que parta sempre dos usos reais do propio alumnado. Así mesmo, realizaranse as medidas de reforzo e as adaptacións curriculares individualizadas que foran necesarias para acadar unha axeitada competencia comunicativa.

Desde o Departamento fomentárase a participación nas actividades organizadas no centro para celebrar as festas e as tradicións vencelladas ás linguas e ás culturas.

## PROXECTO LECTOR

Tendo en conta a importancia que ten a promoción da lectura, na programación didáctica do Departamento veñen marcadas xa unha serie de lecturas de realización obrigada para acadar o aprobado na materia. Ao mesmo tempo, contéplase a posibilidade de realizar lecturas voluntarias cuxa realización será recompensada na nota final.

En relación ao fomento da lectura, cremos de importancia os seguintes feitos:

- A realización de distintas actividades na biblioteca co motivo de que o alumnado entenda ese espazo como lugar vinculado ao traballo, pero tamén ao tempo de lecer.

- A promoción de concursos que teñan como motivo a invitación á lectura e a creación literaria a partires dela.
- A organización de encontros con autores.
- A organización de charlas que fomenten a animación á lectura.

## **PROXECTO DAS TIC**

Dada a importancia que nos nosos días ten o coñecemento e o correcto manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación, dende a programación preténdese dar resposta a unha serie de aspectos que hoxe en día se entenden como imprescindibles: estamos a falar do uso dos equipos informáticos e de todos aqueles recursos que con eles están á nosa disposición, e tamén do coñecemento do funcionamento dos medios de comunicación de masas. O segundo aspecto constitúe un contido a traballar en todos os cursos ofertados no centro. Con respecto ao primeiro, encontra a súa plasmación na realización de actividades concretas que teñen como obxectivo o fomento das TIC:

- Manexo do procesador de textos
- Busca de información a través da Internet, en dicionarios e enciclopedias dixitais, así como en páxinas especializadas en contidos educativos.
- Uso do correo electrónico para enviar traballos e participacións nos distintos concursos que se promovan dende o Departamento.
- Exposicións orais que teñan como unha ferramenta máis o ordenador e o canón, incluso a pizarra dixital naquelas aulas en que se usa habitualmente.

Por suposto, a tarefa do docente non pode estar alonxada do uso dos novos medios; deberá dar exemplo e empregar as TIC na elaboración de materiais e nas exposicións levadas a cabo diariamente na aula.

## **PLAN DE CONVIVENCIA**

En conexión con algúns dos temas transversais e en aras de lograr unha

boa convivencia no centro escolar, fomentaranse o uso de actitudes non discriminatorias por razóns de cultura, lingua, sexo ou relixión, ben a través de actividades concretas ou a raíz de conflitos ou actitudes que poidan xurdir no ámbito escolar.

Parécenos importante, asemade, o cultivo da cortesía e das boas maneiras, ás veces tan denostadas nos nosos tempos. Con tal motivo, continuaremos durante todo o curso académico co obradoiro iniciado o pasado curso sobre este tema.

## **16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

No momento de redactar esta programación contamos cunha serie de actividades complementarias e extraescolares nas que estamos a traballar. Entregamos ao Departamento de Actividades extraescolares a seguinte proposta:

- Participación nas actividades organizadas no centro con motivo do día da Paz, da Muller, das Letras Galegas, do libro, etc.
- Saída para asistir a algunha representación teatral.
- Participación nun concurso literario no Día de San Valentín.
- Colaboración nas actividades da biblioteca.
- *Concurso de relatos de ciencia ficción* onde debe incluírse *viaxes* para celebrar o Samaín.
- Colaboración na Semana Cultural.
- Participación nas actividades propostas polo Concello.

## **17. MEDIDAS PARA MELLORAR OS NOSOS RESULTADOS.**

Tras esta análise, os membros do Departamento consideramos que imos polo bo camiño na mellora da competencia lingüística. Onde debemos aumentar os esforzos é na expresión escrita. Incluiremos as seguintes melloras na nosa programación:

1. Participación nos concursos de escritura que se programen dende a

biblioteca e a Vicedirección: este ano haberá un Concurso de relatos de ciencia-ficción relacionados co Proxecto ASTROBIBLIO( Todos os niveis da ESO)

2. Concurso do Día de San Valentín: Elaboración de poemas de amor (Todos os niveis).
3. Darlle máis peso aos exercicios de redacción que hai nos diversos temas da programación (Todos os niveis)



